



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Decembro 2015

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2016

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade do sector servizos. Decembro 2015


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de decembro en Galicia un aumento do 5,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 3,0 puntos menos que no mes de novembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 4,6%, 0,6 puntos menos que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 5,0% e os Outros servizos o 6,1%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 1,4% e en España un 2,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de decembro. Galicia é a sexta comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Asturias, Andalucía e Galicia son as comunidades con menor crecemento.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de decembro en Galicia un crecemento do 5,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 3,0 puntos menos que no mes de novembro. O índice para España amosa un aumento do 4,6% respecto ao mes de decembro de 2014, 0,6 puntos inferior á taxa de variación rexistrada no mes anterior.



O *Comercio* en Galicia incrementa a súa facturación un 5,0% e achega 3,9 puntos a taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan un 6,1% e achegan 1,3 puntos. En España o *Comercio* crece un 4,4% e os *Outros servizos* un 4,9%.

O *Comercio por xunto* é o sector que maior repercusión positiva ten no índice xeral, 2,3 puntos, cun crecemento do 4,6%. En España este sector crece o 3,8% co que achega 1,4 puntos á taxa de variación do índice xeral.

Todos os sectores incrementan a súa facturación en Galicia. Os maiores incrementos danse na *Venta e reparación de vehículos de motor* (13,9%) e nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (11,0%). En España tamén todos os sectores rexistran taxas positivas. A *Venta e reparación de vehículos de motor* (17,6%) e a *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (6,7%) rexistran os maiores incrementos.

No conxunto do ano 2015, a cifra de negocios aumenta un 5,0% en Galicia, debido principalmente ao *Comercio por xunto* que, cun aumento do 5,9%, achega 2,9 puntos á taxa de variación acumulada. Todos os sectores rexistran crecementsos positivos no conxunto do ano.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 5,6% no mes de decembro. Este incremento débese ao *Comercio* que aumenta o 5,1% e achegan 2,5 puntos á taxa de variación do índice xeral e á *Hostalería* que, cun incremento do 5,8%, achega 1,0 puntos á taxa do índice xeral.


No conxunto do ano, o índice aumenta un 5,4%. Todos os sectores rexistran taxas positivas, sendo as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* o sector que rexistra maior crecemento (11,6%).

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 5,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 5,6%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de decembro todas comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios.

Os maiores aumentos danse en La Rioja (8,0%), Extremadura (7,1%) e Illes Balears (6,7%). As comunidades nas que menos crece a facturación son Castilla y León (1,8%) e Murcia (3,0%).

No conxunto do ano 2015, Illes Balears (6,9%), La Rioja (6,2%) e Cataluña (6,1%) son as comunidades onde máis se incrementa a facturación no sector servizos. Castilla y León (2,4%) e Canarias (2,8%) son as comunidades con menores incrementos.

Índices de cifra de negocios. Decembro 2015

Taxa de variación en %




2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,4% respecto ao mes de decembro de 2014, seis décimas menos que en España (2,0%).

O incremento do persoal ocupado débese principalmente ás *Actividades administrativas e servizos auxiliares* e ás *Actividades profesionais, científicas e técnicas* que, con crecementos do 6,6% e 2,4% respectivamente, achegan nove e tres décimas á taxa de variación do índice xeral.

En senso contrario, o *Comercio por xunto*, sector que rexistra un considerable incremento da súa cifra de negocios no mes de decembro, é o que peor dato de emprego amosa, cunha perda do 1,8% dos ocupados. Os outros sectores que tamén perden ocupados son o *de Información e comunicacións* (-0,5%) e *Transporte* (-0,4%).



En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. O maior incremento dáse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (4,0%).

No conxunto do ano, o emprego crece en Galicia oito décimas menos que en España, 1,2% fronte a 2,0%.

O *Comercio por xunto* é o sector que peor comportamento rexistra no que vai de ano, cunha diminución do persoal ocupado do 3,4%. A *Venta e reparación de vehículos de motor e Información e comunicacións* tamén perden persoal no que vai de ano, -0,7% e -0,1% respectivamente. En senso contrario, o sector que mellor comportamento presenta neste ano é *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, cun incremento na ocupación do 5,3%.

En España, todos os sectores incrementan o emprego no que vai de ano. As *Actividades administrativas e servizos auxiliares* rexistran o maior crecemento (4,7%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas


Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de decembro. Os maiores incrementos danse en La Rioja (3,3%) e Cataluña (3,2%).

Asturias (0,8%), Andalucía (1,0%) e Galicia (1,4%) son as comunidades onde menos crece a ocupación.

No conxunto do ano, La Rioja (3,7%) e Murcia (3,3%) son as comunidades onde máis se incrementa o emprego, mentres que Asturias (0,9%), Castilla y León (1,0%) e Galicia (1,2%) son as comunidades con menores crecementos.

Índices de persoal ocupado. Decembro 2015

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Decembro 2015

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	120,1	5,3	5,0
Comercio	125,6	5,0	5,0
Venta e reparación de vehículos de motor	106,3	13,9	8,9
Comercio por xunto	132,9	4,6	5,9
Comercio ao retalho	117,8	4,1	2,5
Outros servizos	101,7	6,1	5,0
Transporte	107,2	5,7	2,4
Hostalería	90,9	5,7	8,5
Información e comunicacións	97,3	8,8	2,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	104,1	1,2	5,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	112,1	11,0	12,6
España			
Xeral	108,4	4,6	4,7
Comercio	110,0	4,4	4,9
Venta e reparación de vehículos de motor	105,4	17,6	18,2
Comercio por xunto	108,3	3,8	4,5
Comercio ao retalho	113,7	2,1	1,8
Outros servizos	105,5	4,9	4,5
Transporte	105,1	3,4	3,9
Hostalería	95,4	6,3	5,1
Información e comunicacións	106,3	3,7	3,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	122,8	6,7	4,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	94,5	5,5	7,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Decembro 2015

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	108,9	5,6	5,4
Comercio	120,7	5,1	4,6
Transporte	111,1	6,2	3,6
Hostalería	91,2	5,8	8,3
Información e comunicacións	93,3	8,3	3,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	112,0	2,3	1,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	108,2	10,1	11,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
 Decembro 2015**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	108,4	4,6	4,7
Andalucía	106,7	4,0	4,4
Aragón	109,9	4,8	3,2
Asturias	102,8	3,1	3,3
Balears, Illes	87,9	6,7	6,9
Canarias	116,1	4,7	2,8
Cantabria	105,4	5,6	4,2
Castilla y León	106,2	1,8	2,4
Castilla-La Mancha	103,2	4,5	3,8
Cataluña	110,7	5,5	6,1
Comunitat Valenciana	110,4	5,1	6,0
Extremadura	105,2	7,1	5,9
GALICIA	120,1	5,3	5,0
Madrid	107,2	4,2	4,3
Murcia	110,1	3,0	4,1
Navarra	101,0	4,8	4,0
País Vasco	107,9	4,5	4,3
Rioja, La	113,1	8,0	6,2

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Decembro 2015

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	95,9	1,4	1,2
Comercio	93,5	0,0	-0,7
Venta e reparación de vehículos de motor	83,7	-0,8	-0,7
Comercio por xunto	88,5	-1,8	-3,4
Comercio ao retalho	98,4	1,1	0,8
Outros servizos	98,0	2,5	2,7
Transporte	96,6	-0,4	0,9
Hostalería	90,4	2,3	2,8
Información e comunicacións	85,4	-0,5	-0,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	99,6	2,4	2,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	111,4	6,6	5,3
España			
Xeral	98,7	2,0	2,0
Comercio	98,7	1,9	1,5
Venta e reparación de vehículos de motor	89,6	1,9	1,8
Comercio por xunto	101,7	1,9	2,1
Comercio ao retalho	98,5	1,8	1,1
Outros servizos	98,6	2,0	2,4
Transporte	96,5	1,5	1,8
Hostalería	96,2	1,5	1,5
Información e comunicacións	96,7	2,2	2,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	97,0	0,9	1,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	105,4	4,0	4,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Decembro 2015**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	98,7	2,0	2,0
Andalucía	97,1	1,0	1,4
Aragón	96,6	1,8	1,8
Asturias	92,6	0,8	0,9
Baleares, Illes	87,5	3,1	2,5
Canarias	101,3	2,7	2,1
Cantabria	97,3	1,7	1,5
Castilla y León	95,6	1,4	1,0
Castilla-La Mancha	98,1	1,4	1,6
Cataluña	102,3	3,2	3,0
Comunitat Valenciana	101,2	1,5	2,2
Extremadura	98,5	3,0	2,9
GALICIA	95,9	1,4	1,2
Madrid	97,2	1,5	1,6
Murcia	102,7	2,3	3,3
Navarra	101,2	3,0	2,9
País Vasco	101,1	2,4	2,3
Rioja, La	103,1	3,3	3,7

Fonte: INE